

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade do literal do Decreto núm. 48/2024 de día 05.02.2024 no que se convoca a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DE 7 DE FEBREIRO DE 2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000003

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En virtude do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral e en uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclucos redactada pola Secretaria municipal o día 5.02.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/1986, do 30 de novembro, e o artigo 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todos os concelleiros e concelleiras membros do Pleno da Corporación á **sesión extraordinaria urxente** que terá lugar de xeito presencial o próximo **mércores día 7 de febreiro de 2024, ás 10:00 h** en primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 7 DE FEBREIRO DE 2024

2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2024" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente: 2023/A003/000042)

3. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+ADICIONAL 1/2024" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente: 2023/A003/000042)

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

